



Nova Escola Galega

OPINIA

Abril de 2020

EDUCACIÓN EN TEMPOS DE VIRUS

ESTAMOS CONFUSOS/AS... E PRECISAMOS REFLEXIONAR

Desde a humildade diante dunha situación descoñecida e non prevista, Nova Escola Galega quere proporcionar unhas reflexións e algunhas propostas para achegar calma, sentidiño e na procura de evitar agravar situacións complicadas. Deberemos tirar conclusións, certezas e aprendizaxes novas. E a Consellería de Educación da Xunta de Galicia terá que dar indicacións precisas sobre múltiples aspectos, logo da súa discusión operativa, en particular coas representacións do profesorado e das familias, con validez xeral para a educación pública e a privada.

Non temos, nin podemos ter, unha idea definitiva e clara de cal é a situación nas casas do alumnado e do traballo formativo que se está a facer desde os centros ou por parte das e dos docentes. Pero si cremos poder achegar algunhas aproximacións froito da escoita e apreciación de numerosas fontes de información e de opinión. En todo caso, tempo haberá para avaliarmos e valorarmos o valioso traballo que fan/facemos milleiros de docentes, familias e o propio alumnado estes días e que comparten nas redes sociais e plataformas dixitais.

O COIDADADO

Como educadores/as, o coidado familiar e das crianzas e adolescentes é, probablemente, o empeño máis serio que debemos realizar nestes días para contribuímos ao seu benestar e equilibrio emocional. Na medida das nosas posibilidades, e sempre partindo do respecto e da escoita á diversidade de necesidades, o profesorado debemos procurar a comunicación e o diálogo coas familias e co alumnado, tendo en conta que serán, en moitos casos, as nais as que asuman a maior parte dos coidados, reproducíndose probablemente no fogar unha situación de desigualdade manifesta no reparto de tarefas por razóns de xénero.

Debemos coidar, dialogar coa nai, co pai, coas avoas e os avós... dado o caso, para coñecermos a situación vital familiar, para escoitarmos as emocións, para atemperarmos posibles conflitos, para mostrarmos empatía... e podermos aconsellar, se for preciso, acerca das boas rutinas con sentido e ritmos de vida a seguir día a día, con respecto á comunicación dixital e telefónica que as nenas e os nenos poden manter entre si e

con outros, ou sobre a máis esixente atención ás necesidades educativas e de desenvolvemento específicas -unha das dimensións que agora se perciben con maiores eivas de atención adecuada-, tendo diante o principio da inclusión e a loita contra a exclusión social.

Dado o caso, poderemos falar coas familias da necesidade de que dispoñan de tempos para dialogar cos cativos e cativas, para clarificar o que está a suceder como algo inesperado e novo en todas as vidas, animándoas a que practiquen a responsabilidade compartida nas tomas de decisións nas casas.

CONFINAMENTO PARA TODA A INFANCIA

Na mesma liña do coidado das persoas está moi estendida a solicitude de que se arbitre algún tipo de flexibilidade ao confinamento para a infancia, chamando moito a atención o feito de terse regulado especificamente para as mascotas e non para os nenos e nenas. Para mitigar os efectos do confinamento na infancia, outros países permiten algunha saída





respectando distancias e outras medidas de seguridade. Isto fano establecendo un marco xeral no Estado e podendo ser adaptado polos concellos segundo características, equipamentos etc.

Propoñemos, xa que logo, que se dispoña **algunha medida de flexibilidade no confinamento da infancia.**

TELETRABALLO PARA O ALUMNADO

Non existen liñas de actuación propostas pola Administración (e varios equipos coordinados desde a Administración deberan estar traballando sobre todo isto, levando a cabo un *feed-back* semanal)¹, deixándoo a criterio de cada centro, estes ao criterio dos Equipos e Departamentos e estes, por fin e en xeral, a criterio de cada profesora ou profesor². A consecuencia é que atopamos situacións do máis variadas; dende non faceren propostas de traballo ata faceren tantas en cantidade, diversidade e dificultade que xeran ansiedade no alumnado e nas familias.

Neste punto pensamos que é necesaria unha reflexión en primeiro lugar sobre a alteración vital, social e académica que en conxunto estamos a sufrir, ante o que precisamos 'respirar' e reencontrar a calma; e, se é conveniente, atemperar ritmos. É necesaria igualmente unha reflexión sobre a **fenda dixital**, que supón unha enorme desigualdade entre o alumnado que ten acceso e manexa -el ou a súa familia dependendo da idade- as tecnoloxías da información e da comunicación, cos seus varios recursos, e aquelas que non teñen ou non as manexan. A propia Consellería de Educación acaba de recoñecer que só o 50%!! do alumnado de secundaria está conectado ás aulas dixitais. É necesario un esforzo por dotar de conexións e equipamentos as realidades familiares onde sexa preciso, pois o peche poida que vaia para longo e supón un investimento dirixido á equidade; se a Xunta xa pensa en facelo saúdamos a iniciativa.

¹ A tomar en consideración, por exemplo, a experiencia universitaria canaria **EDULLAB** que produciu, en colaboración coa Consellería de Educación (de forma express) unha colección de **GUIAS EDUCATIVAS** para profesorado, equipos directivos, familias e alumnado denominada «Enseñar y aprender desde casa» onde se presentan orientacións prácticas sobre como continuar o traballo escolar a través das tecnoloxías desde a casa. Na web de Edullab pódese acceder á colección de guías **ENSEÑAR Y APRENDER DESDE CASA**, tamén publicadas na Mediateca de la Consejería de Educación, no portal creado pola Consellería de Educación ante o COVID19.

² Como exemplo, con magnífico criterio, creatividade e traballo, colegas nosas puxeron en marcha de modo pronto a web **aulasgalegas.org**, o que merece un grande aplauso, xunto a diversas iniciativas como as emprendidas desde o mundo editorial galego.

Pero máis necesario é ter en conta a **fenda social**: a diversidade en canto ao tamaño e calidade das vivendas, tipo e tamaño da familia, posibilidade de axuda e acompañamento no académico, clima emocional previo e/ou actual na familia... como posibles condicionamentos limitativos que repercutirán no rendemento académico, pero tamén no benestar e mesmo na saúde física e emocional.

PROPOÑEMOS

Deixar claro que as indicacións e documentos enviados polo profesorado son **propostas e non "deberes"**. O primeiro que temos que coidar é das persoas. Polo tanto deben saber con toda claridade que se envían para axudar e non para crear ansiedade, nin pola cantidade nin pola dificultade. Ademais, cómpre clarificar a oferta de acompañamento por parte do profesorado, aclarando a vía e o horario de comunicación. A ser posible, as propostas deben ser imaxinativas, con retos, coa posibilidade de facer pequenos equipos que conecten entre eles e fagan un produto final etc. E non se poden esquecer nunca unha atención personalizada, adaptada ás necesidades, intereses, ritmos e formas singulares de aprendizaxe do conxunto do alumnado, directamente ou en contacto previo co profesorado de apoio. E sempre, desde a máxima coordinación didáctica entre o profesorado implicado no seu proceso de aprendizaxe, atento a cada persoa e ao conxunto do grupo de aprendizaxe.

NOTAS NA SEGUNDA AVALIACIÓN, PARA QUE?

Os centros escolares estaban próximos ao tempo de iniciar ou de avanzar na segunda avaliación, que quedou interrompida, e xorden moitos interrogantes de peso sobre a finalización deste proceso: nesta situación de confinamento e de dificultades para a convivencia, que efecto van ter no alumnado uns malos resultados do inconcluso 2º trimestre? Que beneficios terá rematar 'este proceso': dar aparencia dunha normalidade que todos sabemos inexistente? Que tipo de avaliación se fai sen decisións colexiadas con garantía? (Estanse facendo avaliacións por videoconferencia, que non garanten hoxe por hoxe unha discusión ordenada e eficaz) Que tipo de medidas correctoras se poden poñer en marcha? Para que ou a quen servirá? Sendo esta segunda avaliación simplemente informativa, que importancia tería suprimila?

Como non se pode facer unha avaliación cos obxectivos e nas condicións que debe ter, **propoñemos que se suprima na educación primaria e no primeiro ciclo da ESO, sen que isto signifique un abandono da programación académica, que dalgún xeito terá que valorarse cando a actividade escolar se reinicie.**

E DESPOIS...?

Ofinal de curso está no aire. Non sabemos como será, pois descoñecemos a evolución do confinamento, pero intuimos que vai para longo. Seguramente non recuperaremos a presenza normalizada ata xuño. Parece que para as ABAU xa

está deseñado o escenario: adiar os exames de xuño e trasladar a setembro os de xullo. Pero para o resto das etapas? Se temos en conta que o currículo neste curso debe ter unha importancia menor, e que dende o 13 de marzo o traballo se desenvolveu en condicións de profunda desigualdade, por circunstancias diversas e en moitos casos adversas, deberíamos **analizar ou debater as seguintes medidas:**

- **A forma de 'recuperar' estes meses.** Coidando de non prolongar a incomodidade do alumnado -non vaia suceder que se pasase mal no confinamento e se siga pasando mal ao privar do período vacacional habitual cando tanto se necesita- e sempre de xeito voluntario. Habilitar, caso de ser oportuno, un tempo lectivo extraordinario sobre o calendario oficial, compensatorio dos desfases académicos do alumnado, sobre todo para traballar sobre o currículo xa abordado.
- Decidir neste curso escolar que se dea a **avaliación positiva** a todo o alumnado para evitar incrementar a situación de desigualdade que se produciría de non ser así; e facilitar tamén a incorporación do alumnado dos cursos anteriores. Vinculándoa con plans específicos de reforzo educativo durante o próximo curso académico para estudantes que obtiveron malos resultados de aprendizaxe nas dúas primeiras avaliacións.
- No caso dos **cursos que implican titulación** (4º da ESO, 2º de Bacharelato, e 2º dos Ciclos Medio e Superior) facer os exames tendo en conta o currículo ata o 13 de marzo, de xeito similar a como se contemplará nas ABAU.
- Ter en consideración o que agora mesmo está a acontecer, para iniciar o próximo curso en cada caso coas readaptacións precisas e oportunas desde o punto de vista da continuidade e da coherencia curricular, alterando no preciso o que agora mesmo son as previsións ordinarias.

PARA REINICIAR A ACTIVIDADE DOCENTE

Entrada nas clases debe ser un reinicio de acollemento e de convivencia, para falar, para expresar emocións, interrogantes. Non serán as programacións curriculares ordinarias as que deban ocupar a atención do profesorado, o alumnado e as familias, senón a experiencia vivida co confinamento, combinando a estrutura de grupos de aula en parte de cada unha das xornadas con outras posibilidades, para sentir 'a comunidade escolar' e podendo incorporar mesmo a isto unha parte do tecido familiar de cada centro.

PREPARARSE PARA O FUTURO PRÓXIMO

Defendemos a centralidade da acción docente e dos procesos presenciais de ensino-aprendizaxe, que son tamén procesos de comunicación, de convivencia, de resolución de conflitos e de educación moral. O valor da aula e do centro como comunidade en interrelación coa súa contorna non é capaz de suplilo a educación na casa e coa mellor contribución dos recursos dixitais posibles polas tecnoloxías da información. Agora seremos máis conscientes do valor dunha educación pública, aberta, territorio compartido por todas as infancias e adolescencias en formación como espazos de vida e de aprendizaxe.



Mais, dous grandes interrogantes, cando menos, suscitan a actual experiencia colectiva; interrogantes para os que a Consellería de Educación debe abrir, inmediatamente de pasado o suceso actual, espazos de estudo, de debate e de conclusións con auténtica e non 'burocrática' participación (profesorado, centros, axentes sociais), alén do Consello Escolar de Galicia, hoxe fosilizado, aínda que concluíndo nel:

a. Examinar analiticamente o que se está a facer como ensino a distancia: nos diversos ciclos e realidades, nas diversas áreas e materias... para encontrar os maiores problemas, as maiores dificultades, as vías improdutivas, os camiños e vías abertos, novos e vindeiros, para seleccionar as mellores aprendizaxes e as mellores estratexias a seguir, en particular en circunstancias similares, que parece que se poderán dar de novo no outono *velis nolis*.

b. De seguida, entre xullo e setembro, 'construír' prospectivamente o que facer cando menos durante o próximo curso académico, tendo en conta:

- A alteración curricular que neste momento vivimos.
- A nova situación vírica que podería vivirse no próximo outono, que tería consecuencias sobre o conxunto do próximo curso.

Saudiña e que cante o merlo, que agora non o importunamos.

Abril de 2020 •



ESCOLAS CERRADAS PARA O ALUMNADO

AS LECCIÓNS DO VIRUS (E ALGUNHAS PISTAS PARA AS FAMILIAS)

Philippe Meirieu, 15.3.2020

Tradución: Antón Costa Rico

http://www.meirieu.com/actualite_8_09.html

Alén dos aspectos técnicos, o peche das escolas suscita numerosas cuestións de índole pedagóxica que nos permiten, porén, interrogarnos e reflexionar, máis alá das urxencias, sobre as condicións da educación...

APRENDER XUNTOS

Recordemos os principios fundadores da nosa «escola pública republicana». A escola non é só un lugar deseñado para que cada neno poida efectuar individualmente aprendizaxes eficaces, pois é tamén un «espazo-tempo» no que nenos diferentes se reúnen para «aprender xuntos».

Reúnense aquí para escoitar a mesma palabra tutelar da mestra/e que os convoca a instituírense en colectivo, para seren interpelados polas mesmas cuestións e descubrirense capaces de accederen a saberes que os emancipan e os unen a un tempo, mais tamén para activar entre eles as solidariedades que lles permitirán elevarse por riba de si mesmos, e chegaren a estar máis armados intelectualmente, máis lúcidos e máis autónomos.

Sendo indispensable que o alumnado poida coñecer e utilizar todos os recursos posibles para unha escolarización a distancia (o dispositivo do CNED «*Ma classe à la maison*», os «*Espaces numériques de travail*» que existen nos institutos, plataformas como «*Pronote*», os *sites* das bibliotecas...) sería completamente ilusorio crer que pode ser posible «substituír» completamente a escola por un conxunto de dispositivos de aprendizaxe estritamente individuais, por moi diversos, numerosos e sofisticados que sexan.



É por isto polo que debemos poñer en práctica hoxe en día, sempre que sexa posible, a atención colectiva a distancia por parte dos docentes que reinstituán, a través de videoconferencias por exemplo, o espazo simbólico da clase, que segue a ser un cadro fundador, no que se compromete e mantén todo o seu sentido o traballo de cada unha e de cada un.

É polo mesmo polo que é útil e posible que os nenos se comuniquen entre si a distancia. Poden contarlles aos outros a súa forma de organizaren o traballo persoal, identificaren os problemas encontrados e orientárense reciprocamente cara a esta ou a aquela lectura ou exercicio. Do mesmo xeito, pode haber igualmente comunicacións entre un alumno máis novo que enfrenta unha dificultade e un alumno máis vello e experimentado, pois este poderá explicarlle con achegamento aquilo que o alumno en dificultade non entenda.

O TEMPO DE ESCRIBIR

Tamén a escola significa, consubstancialmente, a construción da entrada na escrita. Sexa na escola primaria, cando aprendemos a ler e escribir, ou sexa logo mediante o acceso mediante a lectura ou a escrita a textos máis longos e complexos. Ler e escribir permite, en efecto, acceder a unha comprensión máis profunda do que nos rodea e a unha expresión progresivamente máis rigorosa do noso pensamento. Significa comprometerse con camiños inexplorados, descubrir perspectivas novas e comunicar con outro, integrando sempre mellor as esixencias de precisión, de corrección e de verdade que permitan acceder a unha comunicación serena e fecunda.

O rol da escola é, sen dúbida, o de facerlle descubrir aos nenos que a lectura e a escrita, no nivel de complexidade correspondente á súa idade, non son só «probos» propias do «percorrido dun combatente» escolar, senón a ocasión de acceder a satisfaccións novas insospeitadas.

Por que non aproveitar estas xornadas de desaceleración para enriquecer a escrita? Por que non implicar o alumnado en novas lecturas, probar a ler con eles os mesmos textos para, de seguido, intercambiar impresións, a nosa comprensión, as posibles obxeccións? Por que non incentivar que os nenos se escriban entre si, mais tamén

para escribirlles a eles e que eles nos escriban a nós? Non poderían comezar a escribir reais e máis longos textos que os habituais presentes nas redes sociais?

Con frecuencia eu vinme obrigado a retrucarlles aos pais que se queixaban de que os seus fillos non os escoitaban: «Escribanlles... e xa lles responderán, non se desesperen!» E, postas así as cousas, agora os nenos terán tempo para escribiren poemas e cartas amorosas, retomaren unha redacción ou unha disertación antes mal ensarillada, redactaren ou compartiren críticas de filmes ou de libros, elaboraren textos para o xornal da clase, que pode ser publicado mediante a pantalla a pesar do confinamento. E, por que non un concurso de novas ou de correspondencia a escala dun barrio ou dun centro?

Combatamos a pandemia do virus que nos illa mediante a multiplicación de textos de todas as categorías que nos exerciten nunha escrita esixente, que nos unen a pesar da separación e que virán darlles ledicia aos nosos días!!

XESTIONAR AS PANTALLAS

Se o anterior non fose abondo para encher as xornadas, hai multitude de actividades que permitirán enriquecer, en particular cos máis pequenos, as adquisicións feitas na escola: a cociña, a bricolaxe ou os xogos de sociedade representan ocasións extraordinarias para «facer xuntos»; enfrontarse a problemas, buscar como resolvelos, interrogarse sobre os coñecementos que é preciso mobilizar...

Que cousa hai máis útil senón procurar ser máis curioso e autónomo co fin de aproveitar mellor as leccións cando volva o tempo da escola?

Mais para isto hai que resistir, cando menos parcialmente, á fabulosa atracción das pantallas: resistir, que pode ser mesmo cambiar a relación do alumnado coas pantallas. Os adultos poderían ensaiar, por unha vez, a xogaren cos nenos aos xogos electrónicos, como paso para a continuación poderen falar sobre os seus contidos: é indispensable non deixar os nenos e rapaces sós diante da carga extraordinaria de violencia de moitos destes xogos, para que eles poidan distanciarse deles...

En canto ás televisións, que verán aumentar extraordinariamente as súas audiencias nestes días para a maior satisfacción dos anunciantes publicitarios, haberá que aprender a vela de xeito intelixente. E para isto, só direi unha cousa sinxela, porque sempre debería haber un adulto á beira dun neno: «Para cada emisión: escoller primeiro, ver con e falar de seguida».

Rachar o fluxo ininterrompido, acabar co *zapping*, sostener unha visión continuada, atenta e crítica dos pro-



gramas seleccionados: o máis eficaz antídoto contra a dependencia do «tempo do cerebro dispoñible» é unha preparación esencial para o exercicio de atención, tan decisiva en todas as formas de logro escolar e profesional.

DESIGUALDADES SOCIAIS

Mesmo poderíamos esperar —soñemos un pouco— que o Servizo público do Audiovisual se mobilice nestes días para vir botar unha man ao servizo público do ensino coa súa extraordinaria riqueza de arquivos que poderían ser utilizados, sen dificultades insalvables, nunha perspectiva pedagóxica.

Porén, o éxito disto todo que veño propoñendo dependerá da posibilidade que teñan os pais e as nais de acompañar os seus fillos nestes días. Nisto e aquí existen as desigualdades, pero para isto existe a escola!!

Haberá que aproveitar esta crise para dicilo alto e forte: os nosos rapaces van á escola para beneficiarse dunha educación que lles permita a cada un e a cada unha acceder ás obras máis esixentes da cultura, independentemente das súas orixes, dos recursos materiais e intelectuais da súa familia ou dos accidentes da vida cos que teñan que enfrontarse.

É asunto de profesionais ben formados, dunha pedagogía necesariamente diferenciada que asocie a construción dun cadro común cos acompañamentos específicos, asunto da vontade do Estado para darlle máis e mellor a quen ten menos. Reto escolar, pero aínda máis reto político: o combate contra as desigualdades escolares é inseparable do combate contra as desigualdades sociais; o coronavirus recórdanolo. E agardemos que a súa lección non sexa pronto esquecida. •



NEG OPINA



NOVA
ESCOLA
GALEGA

#nósquedamosnacasa

ATENCIÓN TELEFÓNICA E POR CORREO ELECTRÓNICO
DE LUNS A VENRES DE 08:30 A 14:30H

Teléfono: 981 56 25 77
Correo electrónico: neg@neg.gal

ANOVANDO APRENDENDO GALEGUIZANDO



engádeste?



NOVA
ESCOLA
GALEGA

www.nova-escola-galega.org